

ALBA DE COMPOSTELA

25 de xullo de 2023

Estaba tamén nun Teatro, a dez mil quilómetros de aquí. Era, coma hoxe, un 25 de xullo. Podería ser un discurso de despedida mais optou por escribir unha brillante, fermosísima, peza de esperanza, de futuro. Con certeza, sabía que non volvería á súa Terra e, mesmo así, as palabras non fían un relato de saudade senón de amor profundo a Galiza.

Prezadas amigas, prezados amigos,

Conmemoramos hoxe o 75 aniversario dun momento estelar da nosa historia, da nosa cultura. Este 25 de xullo lembramos con entusiasmo o momento en que Daniel Rodríguez Castelao pronunciou no Teatro Arxentino de Bos Aires a súa Alba de Gloria, un discurso que nos emociona, que bate nos nosos sentimentos cunha forza épica que en raras ocasións se consegue.

E Castelao faino evocando Galiza, evocando Santiago no seu día grande, tal día coma hoxe. Hai 75 anos, nun teatro a dez mil quilómetros, no exilio, no desterro, talvez xa sen esperanzas de regresar nunca máis.

En moitas ocasións, sentimos a necesidade de conmemorar feitos históricos. Cada ano, en multitude de lugares, festéxanse efemérides para lembrar revoltas, para recoñecer actos heroicos, para

conmemorar a resistencia fronte á represión, para mostrar orgullo de quen, de maneira valorosa, gañou o seu lugar na historia. No concello de Santiago queremos hoxe conmemorar un texto, un magnífico texto. E un momento, aquel 25 de xullo de 1948, cando Castelao, en Bos Aires, nos deixou unha lección de vida, unha lección de amor á nosa historia, a quen somos e, tamén, un testamento para construírmos o futuro, con trabes sólidas, cun encofrado de ferro, para fortalecer a estrutura, que non debe caer nunca.

Castelao foxe naquel tempo final da súa vida da desesperanza, do abatemento, e toma forza, colle impulso para fitar con ilusión o que vai vir. Volvemos de novo á Alba de Gloria e pensamos, certamente, que tiña que ser de lectura obrigada cada 25 de xullo, neste Santiago de Compostela en que viviu, a capital galega que gustaría, sen dúbida, volver pisar, que evoca nese texto, con tanto amor.

Talvez limitamos o significado das palabras máis do que sería preciso. Permítanme que insista hoxe en que a Alba de Gloria é, ao meu ver, un monumento. Certamente, creo que lle acae a palabra. Monumento. Soberbio, impresionante, coa enerxía que transmiten os petróglifos ou a éxtase que provoca a beleza dunha catedral como a nosa.

Confeso que custa falar despois de ler as palabras de Castelao. A brillantez do seu discurso, a emoción que aínda hoxe fai sentir, obríganos a sermos, por necesidade, máis humildes, e a preguntármonos que dicir, como homenaxear un texto monumental, un momento estelar.

A nosa historia está concentrada así nun discurso único que inclúe a homenaxe a quen nos precedeu e a lembranza de quen tanto admiramos para construír esa singular constelación que é, quizais, a peza galega máis importante e máis fermosa elaborada para ser lida en público. A Alba de Gloria é máis unha proba da grandeza de Castelao, esa figura inmensa que nos fai afortunadas ás galegas e galegos porque non todos os pobos poden ter a sorte de contar cunha referencia fundacional incuestionábel, xenerosa na súa xenialidade, tan amada, tan respectada.

Castelao fala ás persoas que, coma el, viven na distancia de Galiza e logra, non temos dúbida, que o auditorio garde silencio, expectante, imaxinándose de novo na terra mentres sente a súa emocionante arenga.

O día de festa comenza en Sant-Iago. A torre do reló tanxe o seu grave sino de bronce para anunciar un novo día, e de seguida comeza unha muiñeira de campás, repinicada nas torres do Obradoiro, que se comunica a todol-os campanarios da cibdade

Quen pode despois de ler este parágrafo, non escoitar o son das campás amplificado nos templos e nas rúas de pedra de Compostela? Algún día, a non tardar, repenicaremos tamén esa muiñeira de sinos nun abrente feliz nesta cidade máxica. Será noutra Alba de Compostela, esta celebración que nace para conmemorar Castelao, o seu inmortal discurso mais tamén, ben o saben, para festexarmos mulleres e homes do noso tempo que constrúen Compostela, que fan que este concello sexa aínda máis grande, unha realidade colectiva,

unha cidade histórica cun futuro tecido por moitas mans, moitas cabezas e moitos corazóns.

Castelao fixo desfilar pola súa Alba de Gloria aquela Santa Compañía de galegos e galegas inmortalis con Prisciliano á cabeza e cunha ringleira de nomes aos que debemos boa parte do que somos. Desde o Mestre Mateo, até Inés e Xoana de Castro, Exeria, Pedro Madruga, Otero Pedraio ou Alexandre Bóveda, por citarmos só uns cantos. Homes e mulleres que ocupan un merecido lugar de privilexio na nosa historia.

Setenta e cinco anos despois queremos comezar a elaborar a nosa particular constelación de Compostela, recoñecendo o traballo e o compromiso co noso concello de homes, mulleres e entidades que, co seu esforzo, coa súa intelixencia e a súa enerxía fan que a colectividade dea pasos adiante, avance como un todo, con orgullo e con esperanza.

E por que entendemos que é preciso unha Alba de Compostela? Porque consideramos que esta cidade universal, acolledora, destino de camiños, crisol de culturas, admirada en todo o mundo, capital de país e patrimonio da humanidade ten, ademais, identidade propia, ten homes e mulleres que se senten composteláns, santiaguesas, picheleiras que viven as súas tradicións, que gozan das súas festas, que lembran o gando na carballeira de Santa Susana ou as leiteiras cargadas coas súas sellas no Toural e, se por idade é imposíbel que manteñan esas imaxes na memoria, saben que alí estiveron, porque son parte da súa historia. Mulleres e homes que cada día queren facer aínda máis grande este concello, que forman parte dunha Universidade que é xa corazón de Compostela, que abren e conservan os seus

comercios, que manteñen vivo o seu rural, que imaxinan proxectos novos, que levan o nome de Santiago con orgullo en competicións internacionais ou en investigacións científicas pioneiras.

Moitas veces temos escoitado, e talvez con razón, que Santiago, na súa grandiosidade, esqueceu o localismo, esqueceuse, en parte, de si propia. Coa Alba de Compostela queremos, en boa maneira, mostrar o orgullo do que somos, o orgullo de persoas e colectivos que desde o abrente ao solpor, cada día, fan que este concello camiñe cara a adiante, con decisión, de mans dadas, sabéndose partícipes dun proxecto que non é de ninguén senón de todos nós, de todas nós, e que responde ao nome de Santiago de Compostela.

Nin máis nin menos. Este é o único obxectivo desta celebración. Dotarmos este concello dun acto propio neste seu día grande. Unha conmemoración que faltaba, porque, como xa dixen, moitas veces Santiago de Compostela esquecese de si mesma, xenerosa como ela é, anfitrioa exemplar como se fixo ao longo da historia.

Mais as anfitrioas teñen tamén que mirar para si, achar o seu espazo e o seu tempo e seren protagonistas da súa propia festa. E iso foi o que quixemos, que Santiago de Compostela e a súa xente fosen as protagonistas desta Alba de Compostela. Que, como nos ensinou Castelao ao evocar a capital amada, saibamos sumar nomes a esa constelación que temos e debemos coidar, con agarimo, con respecto, con recoñecemento.

Ese, señoras e señores, é o obxectivo único deste encontro, querérmonos, como concello, como ese Santiago que cada día se ergue e se sabe cidade do mundo, e se sabe capital galega mais, tamén, o territorio amado por homes e mulleres que queren ser deste lugar e soñan contribuír a un futuro mellor.

Por iso, permítanme que, a quen imaxine razóns espurias, conteste da única maneira que podoo, convidando a quererse, convidando a termos orgullo de Compostela, a conmemorar as súas mulleres e os seus homes. Convidando a deixar fóra intereses particulares e sumarse a esta festa, que quere ser de todos e todas as compostelás, que quere ser a celebración dunha cidade, dun concello que non merece conflitos innecesarios e si ilusión por cada día que amañece, por cada estrela deste firmamento novo que hoxe comezamos a crear.

E quero, este 25 de xullo, primeira iniciativa de conmemoración desta alcaldesa de Santiago, parabenizar e agradecerlles ás persoas recoñecidas nesta primeira Alba de Compostela. Son exemplo da diversidade do noso concello, da pluralidade dos distintos eixos que o compoñen, do dinamismo dunha cidade con historia e con futuro.

Quero recoñecer, en nome de todos os santiagueses e santiaguesas, o labor de Daniel Lorenzo Santos desde a Fundación Catedral, por coidar, agarimar e abrir ese tesouro que é parte da nosa identidade como concello. Grazas, de corazón. O Concello e a Catedral míranse aos ollos nas dúas beiras dunha das prazas máis bonitas do mundo e imos estar a altura en colaboración, comunicación e cooperación para o ben da nosa cidade.

A todas as integrantes dos equipos femininos do Hóckey Club Raxoi, quero parabenizalas non só polos seus éxitos senón tamén porque están a abrir novos camiños e eliminar barreiras na difícil carreira das mulleres no deporte. Sodes, non teño dúbida, exemplo do moito que vai vir, unha sociedade nova, máis igualitaria e máis xusta.

A Rosa Álvarez, decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galiza e unha das protagonistas do Plan Sociocomunitario de Vite, é moito o que este concello lle debe mais, en especial, quero destacar o seu extraordinario traballo nun barrio que, como nos lembraba no seu libro o xornalista Joel Gómez, ten tamén a súa propia historia cun proxecto social e de intervención comunitaria en que a nosa protagonista tivo un papel fundamental.

E Santiago xira, en boa medida, arredor da súa Cidade Vella, un espazo que é maxia, arte, patrimonio, comercio, hostalería, mais que tamén quere ser vida para veciñas e veciños que merecen ter comodidades e servizos de calidade. Este é o ecosistema doutra das recoñecidas nesta festa, Ánxeles González Porto, Angi, da asociación cultural Cidade Vella, que é pioneira na dinamización da zona histórica a través dun espazo de negocio que contribúe a xerar beneficios para a cidade enteira, por medio da cultura, sinal de identidade de Compostela que tiña que estar presente nesta primeira Alba.

Non sería quen de rematar esta intervención sen tomar prestadas dúas frases brillantes da Alba de Gloria de Castelao. Difícil acharmos mellor final, imposíbel, como antes dicía, estar hoxe á altura da inmensidade do seu discurso.

Dicía Castelao:

*Esa infínida moitedume de luciñas e vagalumes representa o que nós fomos, o que nós somos e o que nós seremos sempre, sempre, sempre.
(...)*

Que a fogueira do espírito siga quentando as vosas vidas e que a fogueira do lume nunca deixe de quentar os vosos fogares.

Vaian estas citas para os homes e mulleres recoñecidas hoxe. Vaian para os homes e mulleres que, día a día e, case sempre sen aplausos, fan grande Santiago de Compostela. Coa vontade de que, para o vindeiro ano, se impoña o amor ao noso concello sobre todas as cousas.